

Instrución II/2005 relativa ao soporte administrativo necesario na actuación das comisións de probas de habilitación nacional que faculden para o acceso aos corpos docentes universitarios

Na [Instrución da xerencia de data 16 de setembro de 2003](#) relativa a xestión dos gastos derivados da actuación das Comisións de Probas de Habilitación Nacional que facultan para o acceso aos corpos docentes, establecíase no apartado 6 que o persoal de administración e servizos dos centros onde se localice o presidente do tribunal prestará o apoio requirido para o desenvolvemento das probas, dentro da súa xornada laboral, previa autorización dos Decanos ou Directores. Unha vez transcorrido este tempo e tras a experiencia destes últimos anos faise preciso concretar o dito apoio, polo que

O xerente dita a seguinte instrución:

1. Con carácter previo á constitución da comisión, será a secretaría administrativa do departamento ao que pertenza o presidente e a requirimento deste, a encargada de realizar todos aqueles trámites de carácter administrativo tales como reservas hoteleiras, billetes de avión, reserva de espazos, así como aqueles outros necesarios para facilitar a constitución dela, do que se deberá informar ao director do departamento.
2. Os responsables de asuntos económicos dos centros onde se localice o presidente do tribunal serán os encargados da xestión dos gastos derivados das ditas probas de habilitación.
3. Durante a celebración das probas o persoal de administración e servizos dos centros (xestores, secretarías de decanos ou directores, persoal de conserxería, etc.) prestará o apoio necesario para a celebración destas dentro da súa xornada laboral, nos termos establecidos na [Instrución V/2003 da xerencia de data 16 de setembro de 2003](#).

Santiago de Compostela, 7 de Abril de 2005

O xerente en funcións

Xosé Manuel Villanueva Prieto